



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Proposición de lei para o blindaxe dos servizos públicos esenciais en Galicia.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

O estado do benestar está véndose ameazado ao poñerse en cuestión prestacións sociais básicas, tales como as que conforman a educación pública ou a sanidade pública. A actual crise económica que se está a padecer, non pode levar aparellado, nin servir como pretexto, para que o sistema público de prestacións esenciais quede relegado ou sufra unhas consecuencias irreparables, senón que se fai necesario referendar a aposta polos servizos públicos e blindar o seu funcionamento para a garantir as súas prestacións. Á vez que apostar por conseguir que ditos servizos poidan paulatinamente ir achegándonos ás dotacións que teñen os países de noso contorno.

Todo isto dentro do marco establecido na Constitución española e de acordo cas competencias que contempla o Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia cos dereitos básicos recollidos á protección á saúde e á educación.

Por todo o exposto, considerase necesario establecer co máximo rango normativo posible, a inequívoca decisión da Comunidade Autónoma de Galicia de blindar a prestación dos sistemas públicos de sanidade e educación, e que para tal fin se aproben por lei os preceptos que o posibilite.

### **Artigo 1.**

1.1. Os poderes públicos galegos, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, declaran o seu compromiso irrenunciante e prioritario co dereito das galegas e dos galegos aos servizos públicos da sanidade e da educación, con carácter de universalidade, equidade, igualdade e accesibilidade.



Grupo Parlamentario

1.2. A Xunta de Galicia preservará, como deber irrenunciabile e prioritario, a condición de carácter público de ditos servizos e defenderá a gratuidade e calidade da asistencia sanitaria e educativa no territorio de Galicia.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Artigo 2.

2.1. A Xunta de Galicia dedicará anualmente para a sanidade pública e para a educación pública, unhas dotacións que terán como obxectivo o achegarnos paulatinamente ao equivalente á media de gasto sanitario e educativo dos países da Unión Europea con relación ao seu produto interior bruto.

2.2. Tomárase como referencia os últimos datos publicados ao do exercicio de referencia, tal e como se certifique nas estatísticas oficiais da propia UE.

2.3. Este compromiso de gasto mínimo na sanidade pública e na educación pública será coherente co principio de estabilidade orzamentaria.

2.4.- De acordo con estes compromisos, o gasto en relación ao PIB que anualmente se aprobe dedicado á sanidade pública e á educación pública, deberán ser superior ao do ano anterior, ata o cumprimento do obxectivo establecido, para o cal se establece un período máximo de oito anos.

## Artigo 3.

3.1. Nos servizos públicos da sanidade e da educación, a Xunta de Galicia deberá garantir un acceso igualitario para o conxunto da poboación, cunha oferta suficiente e equilibrada no territorio.

3.2. A xestión e administración dos centros sanitarios e educativos públicos galegos se levará a cabo directamente ou a través de calquera das fórmulas de constitución de entidades de natureza e titularidade públicas admitidas en Dereito.



Grupo Parlamentario

#### **Artigo 4.**

4.1. O financiamento dos servizos sanitarios e educativos levarase a cabo con fondos públicos e basearanse nos principios de permanencia, suficiencia e solidariedade.

4.2. As dotacións orzamentarias que formen parte dos programas relacionados con tales servizos terán carácter prioritario cara ao mantemento e mellora das súas prestacións.

4.3. A Xunta de Galicia dará conta das fórmulas para mellorar a eficiencia nas xestión de tales servizos, para o cal remitirá, ca suficiente antelación, a información necesaria cas propostas que prevea realizar, así como as implicación financeiras e orzamentarias que conleven, aos órganos de participación e consulta afectados, tales como o Consello Económico e Social de Galicia, o Consello Galego de Saúde ou os consellos escolares ou de universidades, naqueles cuestións que lles afecten.

4.4. Igualmente deberá preceptivamente darse conta pola Xunta de Galicia ao Parlamento de Galicia dos cambios que se pretendan aprobar, para o cal se remitirá á Cámara galega a información completa relativa aos mesmos.

4.5. En relación a calquera modificación no actual sistema de financiamento que se tente realizar, non no modelos fiscal, senón que afecte directamente aos cidadáns, se seguirá o mesmo procedemento que no reflectido nos puntos anteriores. En todo caso, fóra do actual sistema non se aprobarán nin establecerán sistemas de gravames ou copagos no tocante á asistencia sanitaria e á prestación farmacéutica.

#### **Disposición Transitoria Primeira.**

A Xunta de Galicia, no prazo máximo de tres meses, presentará no Parlamento de Galicia unha proposta que valore o proceso de reversión daqueles centros sanitarios previstos baixo fórmulas de financiamento público-privadas.



Grupo Parlamentario

### **Disposición Transitoria Segunda.**

Anualmente a Xunta de Galicia dará conta a través das leis orzamentarias das medidas contempladas e dos obxectivos e dotacións pospostos para o paulatino cumprimento do establecido no artigo 2 desta lei.

### **Disposición Derrogatoria.**

Quedan derogadas as disposicións que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

### **Disposición Derradeira Primeira.**

Se modifica o artigo 18.1 *da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira*, que quedará redactado do seguinte xeito:

“No suposto de que a liquidación orzamentaria sexa superavitaria respecto do obxectivo fixado inicialmente, os recursos xerados poderán dedicarse á mellora dos servizos públicos sanitarios ou educativos ou a reducir o déficit do exercicio ou o endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo corresponda”.

### **Disposición Derradeira Segunda.**

Mediante Decreto da Xunta de Galicia, no prazo máximo de tres meses, determinaranse os datos e documentos que deberán conter a información á que fai referencia o artigo 4 da presente lei.

### **Disposición Derradeira Terceira.**

Facúltase ás consellerías competentes en materia de economía financeira, de sanidade e de educación a ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nesta lei.



Grupo Parlamentario

## Disposición Derradeira Cuarta.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2012

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Portavoz

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/04/2012 11:15:36**